



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALIA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 72/142

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

**Órgano:** Ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda

**Asunto:** Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2022.

**Perímetro de consolidación:**

Orzamento da Entidade Local.

Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

**Proposta:** Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación por Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 04/09/2020).

**ANTECEDENTES**

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 17 de novembro 2021, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2022.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 223 do día 18 de novembro, comezando a súa exposición o día 19, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2021.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados dúas alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2022. As mesmas foron resoltas, pronunciándose sobre a inadmisión, estimación ou desestimación de acordo aos motivos que en cada caso se reflicten no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Proposta de aprobación definitiva dos Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2022

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 1 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

A contestación que motiva a inadmisión, estimación ou desestimación figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do/a alegante analízase a lexitimación en de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo aválase se se da cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 ou 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a estimación/desestimación ou inadmisión.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida, sen entrar na análise da mesma.

Visto o informe técnico sobre as alegacións presentadas ao proxecto do Orzamento para o ano 2021 no prazo de exposición pública, fórmulase a Pleno a seguinte:

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022**

Tendo en conta o anterior, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.- INADMITIR AS SEGUINTE ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓN**

A Alegación presentada por Dona Alicia Meiriño Fernández, nº de documento de rexistro 210252407 de data 10/12/2021, por tratarse de postos reflectidos na Relación de Postos de Traballo (RPT) distintos: XEFE/A DA OFICINA DA SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, CÓDIGO 189 e XEFE/A NEGOCIADO DE ACTAS, CODIGO 163, aínda que a causa da inadmisión é por non corresponderse cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL e non tratarse dunha competencia do Pleno segundo o previsto no informe da Área de RR.HH polo que, non ten a cualificación de alegación.

A alegación presentada pola Secretaria da Sección Sindical CIG, nº de documento de rexistro 210274950 sobre a incorporación de remanentes, este é un soposto que ten causa na Liquidación do Orzamento 2021, que non ten relación co Orzamento en trámite para o ano 2022, e so en determinadas circunstancias poderían ser incorporados os créditos, regulación que queda contida no artigo 182 do TRLRFL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 2 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

En canto á modificación dos créditos iniciais con cargo aos remanentes non gastados, hai que estar ao marco da legalidade. O artigo 104 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que en ningún caso o remanente de Tesourería formará parte das previsións iniciais de ingresos nin poderá financiar, en consecuencia, os créditos iniciais do orzamento de gastos.

En todo caso, faise unha afirmación que non responde a realidade orzamentaria, o estado de gastos do Orzamento no programa 1360, Extinción de incendios, ten un investimento previsto para o ano 2022 de 1.400.000 euros, mentres que o estado de ingresos, prevé ingresar polas Contribucións especiais de UNESPA, no concepto 35100, unha contía de 1.100.000 euros, polo que, non só se dotan investimentos pola totalidade das contribucións especiais, senón por unha contía de 300.000 euros mais.

Consecuencia do anterior, é máis que probable, que o esforzo inversor do Concello sexa moi superior que as contías que queden ao peche do ano 2021 sin comprometer, xa que os créditos comprometidos serán incorporados.

A alegación presentada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFLA, polo que non ten a cualificación de alegación.

**SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2022**, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 17 de novembro de 2021, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións que se incorporan ao expediente.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Reflictese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións así co os estados Consolidados do Grupo Concello de Vigo. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

Proposta de aprobación definitiva dos Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2022

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 3 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2022-2021**

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación %	Importe 2022	Importe 2021	Variación %
1	72,418,066.89	70,028,171.00	3.41%	113,120,306.00	113,666,541.40	-0.48%
2	135,607,453.43	131,221,341.30	3.36%	10,362,766.18	8,975,743.44	15.45%
3	30,530.00	8,530.00	257.91%	39,928,577.00	40,709,477.00	-1.92%
4	33,120,378.69	32,940,184.38	0.49%	93,297,348.57	84,650,720.37	10.21%
5	600,000.00	600,000.00	0.00%	2,784,059.76	2,811,396.00	-0.97%
Operc. Corr.N.F	241,776,429.01	234,798,226.68	2.97%	259,493,057.51	250,813,878.21	3.46%
6	39,743,352.32	25,517,628.30	55.75%	.00	.00	0.00%
7	771,444.00	1,429,385.44	-46.03%	22,798,167.82	10,931,362.21	108.56%
Operacións N.F	282,291,225.33	261,745,240.42	7.85%	282,291,225.33	261,745,240.42	7.85%
8	500,000.00	500,000.00	0.00%	500,000.00	500,000.00	0.00%
9	.00		0.00%	.00		0.00%
Total	282,791,225.33	262,245,240.42	7.83%	282,791,225.33	262,245,240.42	7.83%

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2022-2021**

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación %	Importe 2022	Importe 2021	Variación %
1	78,109,584.92	75,451,540.74	3.52%	113,120,306.00	113,666,541.40	-0.48%
2	137,356,931.25	133,004,120.34	3.27%	10,362,766.18	8,975,743.44	15.45%
3	30,530.00	8,530.00	257.91%	41,593,957.85	42,092,099.68	-1.18%
4	27,290,413.69	27,129,832.18	0.59%	93,459,998.57	85,000,894.27	9.95%

Proposta de aprobación definitiva dos Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2022



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 4 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

5	600,000.00	600,000.00	0.00%	2,785,059.76	2,812,396.00	-0.97%
Operac. Corr.N.F	243,387,459. 86	236,194,023. 26	3.05%	261,322,088. 36	252,547,674.7 9	3.47%
6	40,741,352.3 2	25,785,628.3 0	58.00%	.00	.00	0.00%
7	841,444.00	1,499,385.44	-43.88%	23,648,167.8 2	10,931,362.21	116.35%
Operacións. N.F	284,970,256. 18	263,479,037. 00	8.16%	284,970,256. 18	263,479,037.0 0	8.16%
8	532,000.00	532,000.00	0.00%	532,000.00	532,000.00	0.00%
9	.00		0.00%	.00	.00	0.00%
Total	285,502,25 6.18	264,011,037 .00	8.14%	285,502,256 .18	264,011,037. 00	8.14%

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2022-2021**

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2022	2021		2022	2021	
0	Débeda Pública	5,000.00	5,000.00	0.00%	5,000.00	5,000.00	0.00%
1	Servizos Públicos básicos	149,786,07 2.33	129,891,49 7.53	15.32 %	152,497,10 3.18	131,657,294 .11	15.83 %
2	Actuación de protección e promoción social	25,135,746. 97	26,469,966. 11	-5.04%	25,135,746. 97	26,469,966. 11	- 5.04%
3	Produción B. públicos carácter preferente	45,409,143. 20	42,698,870. 11	6.35%	45,409,143. 20	42,698,870. 11	6.35%
4	Actuacións de carácter económico	19613378.6 2	19,266,597. 26	1.80%	19,613,378. 62	19,266,597. 26	1.80%
9	Actuacións de carácter Xeral	42,841,884. 21	43,913,309. 41	-2.55%	42,841,884. 21	43,913,309. 41	- 2.55%
Total		282,791,22 5.33	262,245,24 0.42	7.83%	285,502,25 6.18	264,011,037 .00	8.14%

**FUNDACIONES QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN**

As fundacións que se relacionan, que forman parte do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, ao igual que o Concello e o Organismo Autónomo, quedan suxeitas ao cumprimento dos obxectivos fiscais que regulamente a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos		
	Importe 2022	Importe 2021	Variación	Importe 2022	Importe 2021	Variación

Proposta de aprobación definitiva dos Orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2022





**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

G. Persoal	298,993.00	296,326.00	0.90%	Ingresos actividade	11,000.00	40,640.00	-37.92%
Cons. eléctrico	100,000.00	100,000.00	0.00%	Subv. doazóns	810,000.00	835,000.00	0.00%
Exposicións	110,007.00	133,412.00	-17.54%	Achegas usuarios	10,500.00	10,450.00	-33.33%
Outros Activ. g.	296,000.00	337,379.00	-12.17%	Patrocinio La Caixa	10,000.00	10,000.00	0.00%
G.Financeiros	1,500.00	1,500.00	0.00%				0.00%
Amortiza. Inmv.	35,000.00	27,473.00	-29.63%				
	841,500.00	896,090.00			841,500.00	896,090.00	

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			
	Importe 2022	Importe 2021	Variación		Importe 2022	Importe 2021	Variación
G. Persoal	181,383.13	181,383.13	0.00%				
Cons. e gast. xestión	25,401.87	38,101.87	-33.33%	Subv. doazóns	218,000.00	218,000.00	0.00%
Publ.mat. Promoc.	9,800.00	3,000.00	226.67%	Achegas socios	22,000.00	9,000.00	144.44%
Acc. promoción	269,900.00	264,000.00	2.23%	Out. ingresos	250,000.00	263,000.00	-4.94%
P. outros entes	3,515.00	3,515.00	0.00%				
Operac. N.F	490,000.00	490,000.00	0.00%		490,000.00	490,000.00	0.00%

**TERCEIRO.-** Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

**CUARTO.-** Aprobar as Bases de Execución específicas da XMU.

**QUINTO.-** Aprobar a plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

**SEXTO.-** Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2022-2025, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

**SÉTIMO.-** En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 6 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

**OITAVO.-** Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

**NOVENO.-** En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2022, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

**DÉCIMO.-** O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

**DÉCIMOPRIMEIRO.-** De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

**DÉCIMOSEGUNDO.-** Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.

**DÉCIMOTERCEIRO.-** Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 13 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

**DÉCIMOCUARTO.-** Dado que foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10/12/2021, expediente 102791-140, unha "Instrución sobre a tramitación dos contratos menores", cuxa finalidade é a de regulamentar todo o procedemento, tendo a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro do ano 2022, a regulación contida na base 31ª das de Execución do Orzamento terá carácter supletorio, e so se aplicará se non contradice ou xera diverxencias co regulamentado na instrución aprobada ou se a mesma regula aspectos non contidos na Instrución.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 7 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALIA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 72/142

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022 DO GRUPO CONCELLO DE VIGO**

LuisGarciaAlvarez/

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

(Resolución da Alcaldía de 19 e 26/06/2019, texto consolidado de 04/09/2020)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 14:18	Páxina 8 de 8
72-142	CSV: AFA7AF-B58622-49C247-K8AY4T-X1MNM3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		